

<b>DINAMIZACION DO COOPERATIVISMO NUN SECTOR CON POTENCIAL</b>					
<b>DATA INICIO</b>	<b>22/05/18</b>	<b>DATA FIN</b>	<b>25/05/18</b>	<b>DURACIÓN</b>	<b>20 HORAS</b>
<b>HORARIO</b>	9:30 – 14:30 HORAS				
<b>LUGAR CELEBRACIÓN:</b>	VIVEIRO DE EMPRESAS, NOAL, 26, CONCELLO DE PORTO DO SON				
<b>Persoa de contacto</b>	<b>José Pazó (orientador laboral do Concello de Porto do Son)</b>	<b>teléfono</b>	981 86 74 12 (ext 1302)		
		<b>e-mail</b>	Jose.pazo@portodoson.gal		
<b>OBXECTIVO</b>					
<p>Detectar e priorizar sectores con potencialidade para o desenvolvemento cooperativo no ámbito comarcal-rexional obxecto da intervención.</p> <p>Coñecer a realidade específica do sector elixido no devandito ámbito territorial.</p> <p>Procurar modelos alternativos para a dinamización do sector.</p> <p>Divulgar e acadar o emprego da fórmula cooperativa como medio para potenciar e consolidar o seu desenvolvemento a medio prazo.</p>					
<b>PROGRAMA E CONTIDOS</b>					
<p>Para acadar os anteriores obxectivos plantexase en cada proceso de dinamización sectorial a conformación e consolidación dun Grupo Traballo co que se desenvolverán con carácter xeral os seguintes contidos, sen prexuízo de posibles adaptacións en función do grao de coñecemento da fórmula organizativa cooperativa :</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Presentación da actividade e dos seus obxectivos</li> <li>Diagnose e problemática do sector</li> <li>O significado de cooperar</li> <li>A cooperativa e os principios cooperativos</li> <li>Tipoloxías de Cooperativas</li> <li>Organización Cooperativa: a importancia da comunicación</li> <li>O Plan de Empresa: a viabilidade social. Casos prácticos</li> <li>O Plan de Empresa: a viabilidade económica. Casos prácticos</li> <li>Presentación de Boas Prácticas Cooperativas no Sector</li> <li>Elaboración de obxectivos comúns coherentes coa diagnose</li> <li>Conclusións</li> </ol>					
<b>METODOLOXÍA</b>					
<p>Fomentarase unha metodoloxía participativa a través do traballo en grupos; debates dirixidos; prácticas de cooperación, resolución de conflitos e comunicación; chuvias de ideas e exercicios prácticos. Tamén potenciarase a obtención de información sobre o sector a través da sistematización das experiencias por parte das asistentes e de boas prácticas cooperativas activas, personalizando ao máximo a metodoloxía co perfil sociocomunitario e sociolaboral das participantes de cada actividade.</p>					
<b>DIRIXIDO A</b>					
<p>Colectivos, persoas e redes relacionadas co sector obxecto de intervención no ámbito territorial e persoas interesadas en articulalo e difundilo dentro dun proceso de intercooperación e construción de mercado social dentro da economía social e de acordo cos principios e valores da mesma. Inclúese a persoas demandantes, desempregadas ou activas, con inquadanzas nalgúns dos sectores de estudo.</p> <p>Grupo mínimo: 12 persoas, grupo máximo: 20 persoas</p>					